

Año XIII.—4.ª Serie.

Santiago 10 de Octubre de 1900.

Núm. 14.

# LA PROPAGANDA CIENTÍFICA

## REVISTA QUINCENAL DE CIENCIAS

### PRECIOS DE ABONO

España, un año. . . . . 6 pesetas.  
Extranjero y Ultramar. . . . 10  
Número suelto 15 céntimos.

La correspondencia y periódicos de cambio se dirigirán a la dirección, calle del Franco número 80.

DIRECTOR-PROPIETARIO  
DR. A. VILANADAL

### PUNTOS DE SUSCRIPCIÓN

Santiago: José Galí, Rúa del Villar, 46.  
Madrid: Librería de Fernando F6, Carre-  
ra de San Jerónimo, 2.  
Barcelona: Mendizábal, 12, pral.

# ANTONIO VILA NADAL E A CONSERVACION DO MEIO NATURAL

por Por Xosé A. Fraga Vázquez

*(...) es preciso la pronta repoblación, no sólo de lo talado, sino del mucho monte que está sin cultivar y que podría dar algunos millones anuales a esta región.*

Estas palabras non están recollidas dunha intervención nun meio de comunicación actual, corresponden a un texto dos primeiros anos deste século, 1903, e son de Antón Vila Nadal, singular profesor da Universidade de Santiago, un autor escasamente coñecido.

Vila naceu en Barcelona en 1861, onde realizou os estudos secundarios no Seminario Conciliar de Barcelona, sendo alumno do importante naturalista Jaume Almera; inicia nesta cidade a carreira de Ciencias Naturais, nos anos 1880 a 1882, e remataa en Madrid; na Universidade Central foi alumno do salientábel científico *institucionista* Ignacio Bolívar. Acabados os estudos universitarios en 1886 é nomeado profesor axudante da asignatura de Historia Natural na Universidade de Santiago. Na permanencia ininterrumpida en Compostela, até marzo de 1899, actuaría como profesor auxiliar adscrito ás cátedras de Historia Natural e de Química, segundo as necesidades académicas. Por *Real Orden* de 16 de marzo de 1899 foi nomeado catedrático por oposición da asignatura de Historia Natural da Universidade de Granada; cesou o 2 de febreiro de 1900 e permutou a cátedra pola de Santiago, tomando posesión desta o 3 de febreiro de 1900. Na Universidade Galega permanecerá até rematar o Curso 1903-4, no que liu o Discurso inaugural (VILA NADAL, 1903).

O labor desenvolto por Vila nos seus anos de estancia na Galiza, nos que se integrou nas preocupacións da súa sociedade, salienta pola amplitude e diversidade. Sobresai, no contexto español e galego, a importancia da actividade educativa e de divulgación científica, pero, tamén abordou outros temas, participando nas polémicas ideolóxico-científicas, nun importante intento de institucionalización da Bioloxía mariña e, en menor medida, na investigación morfolóxica.

Desde as temáticas anteditas Vila prestou unha atención múltiple á Natureza. Sobre a conservación do meio natural expresa o interese por unha axeitada correspondencia entre a explotación de recursos e a súa preservación. De todos os xeitos, desde esta perspectiva, cómpre salientar que en Vila está presente dun xeito moi marcado unha especial atención á creación de riqueza, de atención á explotación desde unha perspectiva emprendedora, de transformación; un enfoque pragmático pouco habitual entre a intelectualidade da época, que Vila aplica a todos os temas que aborda, que o singulariza e, mesmo, ailla, na sociedade galega do momento.

Quizás sexa no sinalado Discurso de inauguración do curso universitario 1903-4 (VILA NADAL, 1903) onde Vila realiza unha reflexión máis ampla sobre o tema comentado. Despois de referirse á riqueza mineira da Galiza presta atención á conservación dos bosques, a necesidade da repovoación forestal, fundada no papel biolóxico das árbores e no valor da madeira, *uno de los grandes problemas que tendrán que resolver nuestras generaciones venideras...*

O noso autor critica a non reposición das especies forestais

e amósase favorábel ao cultivo dos bosques, como fonte de riqueza; solicita unha lei de repovoación forestal obrigatoria, a creación dunha grande sociedade para impulsar esa actividade, que adquira terreos e os cultive, axude a particulares,...

Por outra banda, Vila, nas súas diversas publicacións, tamén atende a cuestións puntuais relacionadas directamente cos temas medioambientais; así, na revista *La Propaganda Científica* escribe un interesante artigo «Consecuencias funestas de la falta de carbonato y de fosfatos de calcio en Galicia» (VILA NADAL, 1898); no texto califica de «un gran problema» a escasez de calcio nos solos e repara nas súas negativas consecuencias para vexetais e animais, pedindo que se apliquen enmendas que corrixan eses déficits. Asemade, nesta mesma publicación, atende a unha salientábel polémica da época sobre a explotación mariña, a controversia sobre o uso das trañas e xeito.

A estas intervencións debemos engadir o notábel labor de Vila impulsando o excursionismo, o contacto coa Natureza, tanto nun ámbito pedagóxico como máis xeral, divulgativo ou social, cuestión que aquí só reseñamos e que merecería un tratamento específico e polo miúdo. ■

## BIBLIOGRAFIA

FRAGA VAZQUEZ, X.A. (1986). A propagación e institucionalización das Ciencias Naturais en Galiza no período 1886-1904: Vila Nadal. *Actas II Congreso Soc.Esp.Hist.Ciencias*, **3**: 243-258;

(1990). Antonio Vila Nadal e as Ciencias Naturais. *Ciencias. Revista de Enseñanza*, **9-10**: 5-17;

(1992). A Historia Natural na Universidade de Santiago (1815-1919). *Ingenium*, **3**: 31-54.

(1992) *Biología na Galiza na segunda metade do século XIX (1868-1903): ensino, divulgación, debates, produción, institucionalización e recepción de novidades*. Facultade de Biología, Universidade de Santiago. Tese de doutoramento.

VILA NADAL, A.(1898). Consecuencias funestas de la falta de carbonato y fosfatos de calcio en Galicia. *La Propaganda Científica*, **3**: 17-18. (1903). Discurso leído en la solemne apertura del curso académico de 1903 a 1904 en la Universidad Literaria de Santiago. Santiago, Impr.Paredes, 102.

Colección BAHIA VERDE

## O papel da natureza.

LIBROS PARA AMAR O PARAÍSO



**Guía das Aves de Galicia**

*Carlos Pedreira, X.M. Penas Patiño e Carlos Silvar*

**Baldaio: Espazo Natural Protexido**

*Vários autores*

**O Forgoselo**

*Carlos Vales Vázquez*

**Guía didáctica de fungos e cogumelos de Galicia**

*Charo Gómez, Alberto Franco*

**Fkira e Vexetación de Galicia**


*Varios autores (en preparación)*

PÍDEOS NA TÚA LIBRERÍA



Teléfono (981) 28 81 25

## FUCOLOIS



Tfno. 56 34 47

San Paio, 12

Santiago

## CASA DAS CRECHAS



Vía Sacra, 3

15704 Santiago de Compostela